

Repoñéndose ao frío do cosmos


POESÍA Hai algo de místico e de sagrado na poesía de Elías Portela que prevalece por enriba de calquera consideración contemporánea do relixioso.

Manuel Forcadela *Texto*

Con *Bazar de traidores* Elías Portela (Cangas, 1981) obtivo o premio de poesía Afundación 2014. Trátase do seu cuarto libro publicado en lingua galega despois de *Imaxes na pel* (2008), *Cos peitos desenchufados* (2009), *Sjóarinn með morgunhestana undir kjólnum* (2010, en islandés) e *O cabaleiro con cabalos matutinos baixo o vestido* (2014).

O primeiro que chama a atención na obra escrita de Elías Portela é o seu carácter conciso, sintético. Procédese a unha depuración extrema da linguaxe, na liña do mellor ultraísmo español e do creacionismo de Manuel Antonio, que o autor reivindica. Poemas reveladores que poden constar dunhas poucas liñas, mesmo de tres ou catro palabras. Mais, aínda así, o seu poder de semiose, de comunicación, non resulta minguado, senón, que, antes ben, a reverberación estética e de enigma se acrecenta como froito do inusitado do atrevemento.

Elías non precisa dunha dicción prolongada, dun continuado esforzo de elaboración do seu texto senón que o poema semella a traslación á escrita dun proceso epifánico que brota do interior da súa conciencia, en última instancia o auténtico xénero literario. Velaí, acaso, un logocentrismo que sitúa a palabra dita como previa á palabra escrita, nun proceso de depuración do rumor cerebral, dese emisor continuado posuído polo seu carácter vocativo, dese falar que nos fala e que fala por nós. E velaí o asunto: quen fala? A linguaxe ou nós. A segunda das opcións pode incluír a primeira, que é, porén, excluín-te. Sublime aporía.



Bazar de traidores
Elías Portela
Pen Club Galicia, 2015

Procédese a unha depuración extrema da linguaxe, na liña do mellor ultraísmo de Manuel Antonio, que o autor reivindica.

Algunhas destas sentencias mínimas repítesen ao longo do seu texto ('redes que devoran os altares'), por separado ou en combinación con outros fragmentos, e contribúen a crear unha especie de leit-motiv, de isotopía, de tema reiterado que vai marcando as liñas por onde debe circular o lector e que regulan, ademais, o exceso de apertura interpretativa do texto. A linguaxe semella estar disposta nunha perennidade á que é allea a existencia, a terra e o tempo, a historia ('usar mortos cando desapareceu o futuro').

Ou iso parece. Porque en ocasións tamén hai acenos que nos rei-

vindican como fillos dunha época, momentos en que o coxuntural e perentorio prevalece por enriba do abstracto e posuído pola vontade de eternidade. O poema como unidade non se percibe. Hai un dicir que flúe, levado por esa vontade da imaxe poli-pétala, da máquina de significar ('padecemos un cadro de silencio longo', 'somos doutores e editores que esqueceron mercar a omnipotencia'), de maneira que o conxunto, malia as partes cos seus títulos e citas introdutorias, percíbese como un único texto.

E eu diría que, aínda que os libros de Elías son merecedores de toda atención, como é o caso, non o son máis que os seus recitais, onde eses mesmos textos semellan cobrar vida por obra e graza dunha arte non menor na súa disposición para a comunicación do epifánico, como é a arte do canto. Moitos dos poemas de Elías son cantados, artefactos sonoros que xorden cunha certa proximidade ao gregoriano e que teñen, ademais e en ocasións, unha lingua propia, que non é o galego nin o islandés, linguas nas que Elías ten publicado, senón un idioma denominado Lwyma, concibido polo autor. Canto e poesía, galego, islandés e idioma propio, constitúen, así, un conxunto de singularidades que fan dos happenings (chamésmolle así) de Elías Portela unha innovación nos nosos atordoados actos de lecturas de poesía, poemas que se traducen dun idioma a outro, que se din e/ou que se cantan.

Mais, contra o que podería pensarse, a visibilización destes cantos tamén xoga coa disposición gráfica, de manei-

ra que o poema tampouco renuncia a un aquel de pintura en que a nostalgia do caligrama creacionista e a variación da tipografía xoga un papel non secundario nalgunhas das secuencias do libro. Neste amorearse de discursos, sempre fragmentarios, xamais totalitarios, hai citas (e autocitas) que emerxen como asociacións memoriais ao novo discurso que nos leva.

Hai algo de místico e de sagrado na poesía de Elías que prevalece por enriba de calquera consideración contemporánea do relixioso. Leva a cabo o seu oficio como unha especie de relixión que quere xuntar, nun único acto enunciador, o real, o simbólico e o imaxinario. O mundo e a memoria do vivido, o presente e o ausente, fican unidos por medio desta palabra que non quere contentarse en ser caduca e temporal, senón que aspira a unha transcendencia, a un abracadabra que, aí si, estaría moito máis próxima do simbolismo que do creacionismo.

O que pesa a distancia islandesa

Partindo destas bases, cremos que o poder da súa creatividade xorde xustamente dunha reformulación de todo o peso da cultura que leva(mos) enriba, procedéndose, por tanto, a unha reconstrución desde a orixe. Hai, ademais, un elemento foráneo, froito sen dúbida da distancia islandesa desde a que o autor contempla o seu país natal, que se percibe en ocasións en solucións insólitas desde o punto de vista lingüístico, sempre na aposta por unha combinación entre a linguaxe natural e a linguaxe libresca, entre o popular e o culto. E todo isto dentro



dun conxunto de recursos moi diverso que vai desde a enunciación disposta desde unha neutralidade xenérica, de maneira que nunca saibamos se quen nos fala é home, muller, máquina, ou calquera outra cousa non sexuada, ou o sentido do humor e a ironía.

Hai tamén unha vitalidade moi particular que se acrecenta coa distancia con respecto a un mundo que non se constrúe xamais en termos de nostalgia, acaso como eco do antisentimentalismo manuelantoniano. Unha mestura de rexistros que se integran sen sobresaltos, nun conflito de fondo entre o global e o particular, resolto coa naturalidade da súa propia existencia, como algo propio do tempo que lle tocou vivir.

Con todo, percíbese unha presenza prioritaria da linguaxe e, desde a perspectiva da tematoloxía, unha fuxida premeditada da concreción, como se o que se presenta perante nós fose unha conciencia alterada polo peso do rumor social e mediático, pola

complexa e caótica semiose escrita e audiovisual do mundo que nos tocou vivir. E acaso sexa este un dos problemas deste modelo de escrita, na medida en que o autor debe elixir entre concebila como unha retórica ou como unha mensaxe. E ningunha das alternativas parece ter asegurado o seu impacto, unha vez se trate dunha reiteración, da actualización dunha actitude consabida. Hai ou non hai un suxeito que queira contarse por debaixo de todas estas palabras.

Cabe retirar a máscara e contemplar, xa sen carouta, o rostro do enunciador que nos fala ou, pola contra, e como tantas e tantas poéticas contemporáneas, remítesenos en última instancia a un baleiro, o frío da inmesidade do mundo que só encontra calor na linguaxe, unha linguaxe que, por outra banda, négase a ser portadora da ilusión e do engano. E velaí a voz de Elías cantando como un complemento a este posible frío dos cosmos.